

E ti, Gastas Pista?

21 de Xullo de 2022

Tempo estimado de lectura: 1 min 30 seg

Autor: **Xanela Aberta á Familia**



Propoñemos un reto!

Querémolo conseguir entre todos, pero sen a túa achega individual, isto non ten valor.

Convidámoste a **“gastar”** non soamente as pistas de baile, senón tamén as de baloncesto, patinaxe, atletismo, a do salón da casa, as de asfalto, etc.

Participa nas nosas actividades e mantén un **estilo de vida activo** porque ademais de gastar pista, tamén imos gastar calorías.

Non importa se xogas, compites, saltas, corres, camiñas ou bailas.

O importante é que te movas e gastes pista.